

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

### SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04/03/2010)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catro de marzo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

#### **2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2009**

Dáse conta da liquidación do orzamento do exercicio 2009, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 26 de febreiro de 2010, que presenta un resultado axustado de DEZ MIL DOUSCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (#10.234,17#) de DÉFICIT, sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:



	EUROS
+ Dereitos recoñecidos netos	5.099.362,67
- Obrigas recoñecidas netas	4.929.060,75
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	170.301,92
- Desviacións positivas de financiamento	180.536,09
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	0,00
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	-10.234,17
DEBEDORES PENDENTES DE COBRO DO EXERCICIO	394.027,65
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO	478.366,72
Remanentes de crédito non comprometidos	350.133,75
Remanentes de crédito comprometidos	650.321,50
Remanentes de crédito con financiamento afectado a incorporar	0
Remanentes de crédito xerais a incorporar	0
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	PENDENTE
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2009	208.906,55
+ Dereitos pendentes de cobro	532.544,02
- Acreedores pendentes de pago	683.741,45
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA TOTAL	57.709,12
- Saldos de dubidoso cobro	6.069,88
- Exceso de financiamento afectado	180.536,09
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	128.896,85

O Pleno dáse por enterado

### 3º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2010

Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para as seguintes facturas do exercicio 2009:

Liquidación intereses póliza de crédito período 27.09.09 ó 27.12.09. Importe 851,95 euros

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado recoñecemento



**4º.- Acordo, se procede, sobre desafectación do uso educativo das escolas unitarias de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede de Ribadulla e casa dos mestres de Vilanova**

Visto o expediente que se tramita en Secretaría para solicitude da reversión da titularidade dos locais das escolas unitarias de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede de Ribadulla e casa dos mestres Vilanova, que actualmente están en desuso.

Visto o escrito RXS 24378/10, remitido polo Departamento Territorial da Consellería de Educación no que nos solicitan que, previo ao expediente de reversión, se proceda á desafectación do uso educativo das ditas escolas segundo os artigos 22.2.1 e 47.2 n) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Ó seu abeiro proponse:

Primeiro.- Iniciar a desafectación e alterar, de conformidade co artigo 8 do Regulamento de bens das corporacións locais, a cualificación xurídica das Escolas Unitarias das parroquias de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede de Ribadulla e casa dos mestres Vilanova, para que deixen de estar afectas a un uso ó servizo público e pasen a ser ben patrimonial do Concello de Vedra.

Segundo.- Someter o procedemento a información pública polo prazo dun mes, computado a partir da publicación deste acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia para que poidan presentarse as alegacións que se estimen convenientes.

Terceiro.- De non presentarse reclamacións durante o trámite de información pública, considerárase aprobada definitivamente a alteración da cualificación xurídica das escolas de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede e casa dos mestres de Vilanova quedando facultado o Sr. Alcalde para a súa recepción formal.


O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

**5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores**

-- Ós rogos e preguntas formulados polo Sr. Martínez do PP no pleno do mes de decembro, a Presidencia contéstalle:

1.- En canto ás goteiras do pavillón municipal, di que a solución ideal sería colocarlle un tellado novo pero que é moi costoso e que incluso o arquitecto falou da posibilidade de subilo só do norte pero que non garantiza que desaparecesen as goteiras.

2.- Sobre da colocación dunha marquesiña en Silvaescura -San Fins, relacionada asimesmo coa formulada por dona Xosefina R. Guitián do BNG sobre do transporte metropolitano, di que a única novidade sobre deste tema é unha comunica-



ción da Dirección Xeral sobre TES+BUS que afecta á liña MONBUS de Caldelas a Vedra

Don Eloy J. Iglesias , representante do concello no Transporte Metropolitano, expón que existía un convenio e agora fixeron un engadido, que se vai a unificar o tema das tarxetas e outros en todos os concellos, agás Santiago, e que incluso os concellos terán que aprobalo polo pleno no mesmo mes. En canto ás marqueñas que estase a facer un estudo para colocalas na parada correcta e que se teñen solicitado novas esperando que concedan algunha

Por último di que o tema vai lento pero que se espera que en xuño o xullo funcione o tema das tarxetas

3.- Con respecto a se o equipo de goberno fixo algunha valoración dos danos provocados polas choivas nas vías municipais, di que estes días estase a bachear as mesmas, estando tamén pendente de arranxo algunhas adxudicadas á empresa Oviga, S.L, e outras que se incluírán en algún plan de obras.

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do pleno ordinario do mes de xaneiro, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do Museo Etnográfico de Vedra, di que en principio o está a xestionar a AA.VV de Vedra, pero que non se asinou ningún convenio con ela, e que dende o concello se está a organizar algunhas exposicións para facer nese local

2.- Sobre da instalación dun ascensor da Casa de Cultura de Santa Cruz, di que se solicitou dentro do plan de eliminación de barreiras arquitectónicas 2009, pero que nesa anualidade só concederon o do pavillón municipal, e que se está a espera de que saia a convocatoria para solicitalo de novo.

3.- En canto ó uso das instalacións da estación de ferrocarril de Santa Cruz, di que se está a espera de facer as conexións de saneamento e auga, que se fará proximamente dado que xa se adxudicou a obra de ampliación das redes de saneamento e abastecemento do Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010 que afecta a esa zona, e que despois entre todos se mirara o uso ó que se destinarán

4.- Con respecto ó centro médico de Santa Cruz, di que é partidario de esperar por si envían un médico para abril; de non ser así terase que decidir o seu destino

5.- Á pregunta sobre do grupo electrógeno di que xa está contestada

--Á pregunta do Sr. Lema do PP sobre dos problemas eléctricos en San Fins, di que é unha cuestión bastante difícil

--Ás preguntas formulas polo Sr. Martínez do PP no pleno do mes de xaneiro, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre das Resolucións da Alcaldía polas que se modifican os contratos dos arquitectos don Fermín González e don Fernando Faya, di que en principio o primeiro levará temas moi concretos de proxectos, como o plan especial de Ponte Ulla, Polígono Industrial e outros, e pola súa parte o Sr. Faya será o encargado de redactar todo tipo de proxectos de obras incluídos en plans así como a dirección das mesmas, e que dende o punto de vista económico suporá unha importante rebaixa no gasto que existía en urbanismo



--Ás preguntas formuladas no último pleno (04/03/2010) por dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contésttalle:

1.- Sobre da renovación do contrato de traballo a unha traballadora de protección civil, di que se necesitaba unha persoa con carné C para o manexo dos vehículos, e que se tivo en conta as cualidades como traballadora e tamén a preferencia, nesta ocasión, por ser muller.

2.- Sobre do pago de dous billetes a Arxentina, di que houbo unha reunión e que nin ela nin o Sr. Alvela quixeron ir.

3.- En canto ó acceso ó muíño de Castiláns, di que o muíño ten o seu propio acceso, pero que está sen arranxar porque nestes momentos a brigada de obras ten outras prioridades

4.- Sobre da previsión de poñer en marcha un arquivo municipal, di que esa é a idea pero que nestes momentos non é posible

--Ás preguntas do Sr. Martínez Carrillo do pleno do 04/03/2010, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da retirada das letras de aceiro que estaban no edificio do centro de saúde de Santa Cruz, di que caeron unhas pedras por iso se retiraron pero que se van a colocar de novo

2.- Sobre do arranxo dunha pista en Cimadevila, di que está incluída no POS 2010

3.- En canto ó rogo para que se fagan as xestións pertinentes con Fenosa ou Gas Natural para que se recubran os fio da liña eléctrica que cruza unha finca do Sr. Alfredo Couto, di que non é cuestión do Concello ó ser unha finca privada e que antes terá que o interesado solicitálo para que o concello poida apoiar esa solicitude.

## 6º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG, di que parece ser que en horario laboral o tractor municipal estivo cargando terra nunha finca privada ó carón do centro de saúde, e pregunta cal vai a ser o destino desa terra?

Asimesmo aproveita para facer un agradecemento e máis unha invitación. Agradécelle ó equipo de goberno por permitirlle publicitar no boletín municipal un acto que vai facer o BNG de homenaxe a Mariano Lema, e aproveita para convidar ó Sr. Alcalde e ós concelleiros/as, sinalando que é aberto para todos os que coñeceran a Mariano Lema e queiran participar nel. Será o 24 de abril no campo da festa de San Mamede a partires das 8 da tarde e consistirá a parte dun acto máis ou menos institucional, nunha cea foliada, que se pensou sería a mellor homenaxe.

--O Sr. Alvela de TEGA expón que recentemente asinouse con Editorial Compostela un convenio por importe de 5.742,00 euros, e di que non sabe se será un aforro, parécelle excesivo tendo en conta o momento de crise

--Don Carlos Martínez Carrillo, voceiro do PP de Vedra, formula os seguintes rogos e preguntas:



1.- Rogamos que se fagan de maneira urxente todas as xestións necesarias para o arranxo en ponte Ulla de dúas pistas situadas en lugares emblemáticos de dita parroquia, e máximo neste Ano Santo 2010: por un lado a pista que rodea a Capela do Gundián, que está chea de buracos, auga, etc, e por outro lado a pista que vai dende O Cruceiro a O Castro (Camiño de Santiago)

A Presidencia di que Adif ten solicitado no Xacobeo o desvío do camiño de Santiago en tanto non rematen as obras e que llo concederon

2.- Rogamos igualmente en Ponte Ulla, máis concretamente no tramo que vai dende o cruce da calle de Ponte Ulla hacia Caldelas, unha sinal de limitación de velocidade ou elementos na estrada (que non fagan ruído cando pasen os coches) que obriguen a limitar a velocidade excesiva co que circulan por alí moitos vehículos, convertendo o sitio nun lugar certamente perigoso para os viandantes (aparte de que non existe arcén nun dos laterais da estrada)

3.- Rogamos que nun próximo plan de obras se preve a colocación dalgunha farola na pista que vai dende o campo da festa de Merín ata a aldea de Rosende, máis concretamente ata a casa de María Neira

4.- Rogamos que se faga canto antes a poda das árbores que hai no campo da festa de Merín

## 7º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Intervén o Sr. Inocencio Álvarez en representación da AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla, e expón que existe un problema grave de contaminación de augas e que dende a AA.VV se está a facer un estudo cos parámetros que esixe a Xunta de Galicia, solicitándolle ó concello a cometida de saneamento canto antes para evitar a contaminación

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e corenta minutos

